

JOSÉ RAMÓN ALONSO FERNÁNDEZ, SECRETARIO XERAL DO PLENO DO
CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,

CERTIFICO: Que a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de
Compostela, na sesión extraordinaria-urxente que tivo lugar
o día 13 de marzo de 2019, adoptou o seguinte acordo:

"2.- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE MEDIO RURAL,
MANTEMENTO E OBRAS PARA O EQUILIBRIO TERRITORIAL RELATIVA Á
MODIFICACIÓN DO ACORDO DA SESIÓN DE 20.12.18, SOBRE
PARTICIPACIÓN DO CONCELLO DE SANTIAGO NO POS (PLAN UNICO DE
CONCELLOS). POS+2019.

Dáse conta á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de
Compostela da proposta do concelleiro delegado de Medio
Rural, Mantemento e obras para o Equilibrio Territorial, de
data 12.3.19, cuxo teor literal é o seguinte:

"Proposta do concelleiro delegado de medio rural, mantemento e
obras para o equilibrio territorial, relativa á modificación do
acordo de participación do Concello de Santiago de Compostela,
adoptado pola Xunta de Goberno celebrada o 20 de decembro de
2018, sobre a participación no "Plan provincial de cooperación
ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de
Concellos) "POS+ 2019"

Na sesión plenaria celebrada o pasado 1 de marzo, a Deputación
Provincial de A Coruña aprobou o expediente de modificación de
créditos número 1/2019, no cal se inclúen 30 millóns de euros
adicionais ao POS+2019, que serán mobilizados aos concellos a
través dun Plan Adicional no cal se incluírán os proxectos de
investimentos aprobados polos Concellos, no seu acordo de
participación, baixo o epígrafe "Plan Complementario".

As bases do Plan Único de Concellos (POS+2019), publicadas no
BOP n° 188, de 2 de outubro de 2018, establecen no seu punto 4.3
as condicións do Plan Complementario. Indícase que se fará unha
distribución da maior achega económica aplicando os mesmos
criterios que para o plan inicial, e que os investimentos
incluídos nel deben ter o carácter de financeiramente sostíbles.
Tamén obriga aos concellos a solicitar dentro do Plan
Complementario un mínimo do 25% da achega provincial inicial.

Na Xunta de Goberno celebrada o pasado 19 de febreiro, o
Concello de Santiago de Compostela acordou aprobar unha
modificación dun acordo anterior, sobre a a participación no

Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2019" da Deputación Provincial da Coruña, con coñecemento e aceptación das súas bases. No punto 2 do acordo, incluíuse como Plan Complementario o investimento denominado Reparación e consolidación da Ponte de Vidán de Abaixo, por un importe de 447.065,00 €

O incremento nos fondos provinciais destinados a investimentos supón, á súa vez, un incremento nos fondos dispoñibles para os concellos a través do epígrafe Plan Complementario. Os investimentos que figuren dentro deste apartado, no acordo municipal de participación, serán financiados cos fondos consignados a través do acordo do Pleno provincial do pasado 1 de marzo.

Por esta razón, é do interese do Concello de Santiago de Compostela incluír proxectos por un maior importe ao consignado inicialmente dentro do Plan Complementario, o cal obriga a modificar o último acordo de participación no Plan. Tendo en conta que xa houbo acordos previos en relación con esta cuestión, para evitar posibles confusións semella o máis aconsellable incluír neste acordo, máis alá dun acordo parcial que suporía unha simple modificación puntual, todos os aspectos relativos á participación municipal no Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2019"

Polo exposto, **PROPOÑO** á Xunta de Goberno local aprobar un novo acordo de participación no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2019", co seguinte teor:

"1.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2019" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega aos seguintes fins:

A) Financiamento do pago a provedores:

| | Capítulo II | Capítulo VI | Total |
|-----------------------------------------------------------------------|--------------------|--------------------|-------------------|
| Achega provincial 2018 aplicada ao financiamento de pago a provedores | 54.781,37 € | 26.064,91 € | 80.846,28€ |
| Subtotal pago a provedores | 54.781,37 € | 26.064,91 € | 80.846,28€ |

B) Financiamento de gastos correntes:

| | Deputación |
|----------------------------------------------------------------------|---------------------|
| Achega provincial 2019 aplicada ao financiamento de gastos correntes | 198.659,70 € |
| Subtotal gasto corrente | 198.659,70 € |

C) Financiamento de investimentos:


| ACHEGA PROVINCIAL 2019 | Financiamento do investimento | | |
|------------------------------------------------------|--------------------------------------|---------------|---------------------|
| Denominación da obra ou subministración | Deputación | Concello | Orzamento total |
| Senda peonil na rúa de San Martiño (I Fase) | 406.609,27 € | 0,00 € | 406.609,27 € |
| Subtotal investimentos achega provincial 2019 | 406.609,27 € | 0,00 € | 406.609,27 € |

| ACHEGA PROVINCIAL 2018 (Investimentos financeiramente sostibles) | | Financiamento do investimento | | |
|-----------------------------------------------------------------------------|--------------------|--------------------------------------|---------------|---------------------|
| Denominación da obra ou subministración | Grupo de programas | Deputación | Concello | Orzamento total |
| Mellora e acondicionamento do local sociocultural de Grixoa | 933 | 54.212,24 € | 0,00 € | 54.212,24 € |
| Mellora e acondicionamento do local sociocultural de A Peregrina | 933 | 115.914,52 € | 0,00 € | 115.914,52 € |
| Subtotal investimentos achega provincial 2018 | | 170.126,76 € | 0,00 € | 170.126,76 € |

E) Resumo

| SUBTOTALS | | Deputación | Concello | Total |
|----------------------|-------------|--------------|----------|--------------|
| A- PAGO A PROVEDORES | Achega 2018 | 80.846,28€ | | 80.846,28€ |
| B- GASTOS CORRENTES | Achega 2019 | 198.659,70 € | | 198.659,70 € |
| C- INVESTIMENTOS | Achega 2019 | 406.609,27 € | 0,00 € | 406.609,27 € |
| | Achega 2018 | 170.126,76 € | 0,00 € | 170.126,76 € |
| TOTAL | Achega 2019 | 605.268,97 € | 0,00 € | 605.268,97 € |
| | Achega 2018 | 250.973,04 € | 0,00 € | 250.973,04 € |
| | TOTAL | 856.242,01 € | 0,00 € | 856.242,01 € |

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2019 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

| PLAN COMPLEMENTARIO | | |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------|---------------------|
| Denominación dos investimentos "financeiramente sostibles" (mínimo do 25% do total das achegas e préstamo provincial asignado) | Grupo de programa | Orzamento |
| Reparación e consolidación da Ponte de Vidán de Abaixo | 454 | 447.065,00 € |
| Rexeneración e reforzo estrutural do pavimento da calzada da rúa Santa Teresa de Jornet | 454 | 219.106,27 € |
| Parque infantil en Coto dos Olmos | 171 | 56.774,86 € |
| TOTAIS | | 722.946,13 € |

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse a incluír no orzamento municipal do 2019 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2019, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente."

Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros presentes aprobar un novo acordo de participación no Plan provincial de cooperación ás obras e



CONCELLO DE SANTIAGO

servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2019", co seguinte teor:

"1.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2019" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega aos seguintes fins:

A) Financiamento do pago a provedores:

| | Capítulo II | Capítulo VI | Total |
|-----------------------------------------------------------------------|--------------------|--------------------|-------------------|
| Achega provincial 2018 aplicada ao financiamento de pago a provedores | 54.781,37 € | 26.064,91 € | 80.846,28€ |
| Subtotal pago a provedores | 54.781,37 € | 26.064,91 € | 80.846,28€ |

B) Financiamento de gastos correntes:

| | Deputación |
|----------------------------------------------------------------------|---------------------|
| Achega provincial 2019 aplicada ao financiamento de gastos correntes | 198.659,70 € |
| Subtotal gasto corrente | 198.659,70 € |

C) Financiamento de investimentos:

| ACHEGA PROVINCIAL 2019 | Financiamento do investimento | | |
|------------------------------------------------------|-------------------------------|---------------|---------------------|
| | Deputación | Concello | Orzamento total |
| Denominación da obra ou subministración | | | |
| Senda peonil na rúa de San Martiño (I Fase) | 406.609,27 € | 0,00 € | 406.609,27 € |
| Subtotal investimentos achega provincial 2019 | 406.609,27 € | 0,00 € | 406.609,27 € |

| ACHEGA PROVINCIAL 2018 (Investimentos financeiramente sostibles) | | Financiamento do investimento | | |
|---------------------------------------------------------------------|--------------------|-------------------------------|---------------|---------------------|
| Denominación da obra ou subministración | Grupo de programas | Deputación | Concello | Orzamento total |
| Mellora e acondicionamento do local sociocultural de Grixoa | 933 | 54.212,24 € | 0,00 € | 54.212,24 € |
| Mellora e acondicionamento do local sociocultural de A Peregrina | 933 | 115.914,52 € | 0,00 € | 115.914,52 € |
| Subtotal investimentos achega provincial 2018 | | 170.126,76 € | 0,00 € | 170.126,76 € |

E) Resumo

| SUBTOTALS | | Deputación | Concello | Total |
|----------------------|-------------|--------------|----------|--------------|
| A- PAGO A PROVEDORES | Achega 2018 | 80.846,28€ | | 80.846,28€ |
| B- GASTOS CORRENTES | Achega 2019 | 198.659,70 € | | 198.659,70 € |
| C- INVESTIMENTOS | Achega 2019 | 406.609,27 € | 0,00 € | 406.609,27 € |
| | Achega 2018 | 170.126,76 € | 0,00 € | 170.126,76 € |
| TOTAL | Achega 2019 | 605.268,97 € | 0,00 € | 605.268,97 € |
| | Achega 2018 | 250.973,04 € | 0,00 € | 250.973,04 € |
| | TOTAL | 856.242,01 € | 0,00 € | 856.242,01 € |

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2019 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

| PLAN COMPLEMENTARIO | | |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------|---------------------|
| Denominación dos investimentos "financeiramente sostibles" (mínimo do 25% do total das achegas e préstamo provincial asignado) | Grupo de programa | Orzamento |
| Reparación e consolidación da Ponte de Vidán de Abaixo | 454 | 447.065,00 € |
| Rexeneración e reforzo estrutural do pavimento da calzada da rúa Santa Teresa de Jornet | 454 | 219.106,27 € |
| Parque infantil en Coto dos Olmos | 171 | 56.774,86 € |
| TOTAIS | | 722.946,13 € |

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse a incluír no orzamento municipal do 2019 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2019, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorizar á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente."

E para que conste expido a presente certificación co visto e praxe do Alcalde, e coa salvidade a que fai referencia o artigo 206 do ROF, en Santiago de Compostela a 13 de febreiro de dous mil dezanove.

Vº. P.
O ALCALDE,

ASDO: MARTIÑO NORIEGA SÁNCHEZ